



*RESOLUCIÓN da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería do Mar, pola que se publica a relación provisional do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de POLIQUETOS ao abeiro do plan de xestión conxunto para o recurso específico Poliquetos, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende a superficie, das Confrarías de Pescadores de Camelle, Corme, Laxe e Malpica, e as embarcacións excluídas do proceso*

### Antecedentes

1. A Orde do 22 de decembro de 2021 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024. (DOG Núm. 251, de 31.12.2021).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión conxunto para o recurso específico poliquetos (PE410A 2021/59-1), modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende a superficie, das confraría de pescadores de Camelle, Corme, Laxe e Malpica (en adiante as entidades) e estableceuse un número máximo de 11 embarcacións con 23 persoas mergulladoras habilitadas con dereito a cota para o trienio 2022-2024 e un número máximo de 3 habilitacións/embarcación. O reparto de participantes por confraría é o que segue:

- Corme: 8 embarcacións
- Laxe: 1 embarcación
- Camelle: 1 embarcación
- Malpica: 1 embarcación

Trala finalización do último proceso de renovación de 2021 desta modalidade nas entidades para o trienio 2022-2024, o número de embarcacións coa arte poliquetos (Z6) no permiso de explotación autorizadas para participar no plan foi de 9 embarcacións e 16 persoas mergulladoras con dereito a cota, co seguinte reparto por confraría:

- Corme: 8 embarcacións
- Laxe: 1 embarcación
- Camelle: 0 embarcacións
- Malpica: 0 embarcacións

2. O 18.03.2022 (Registro de Entrada N° 2022/724691) as entidades presentaron unha solicitude para que se iniciase o proceso para a cobertura de vacantes ata o número máximo de embarcacións establecido no plan de xestión conxunto para a o recurso específico poliquetos, propoñendo o outorgamento de dúas (2) habilitacións por embarcación e o reparto das tres (3) cotas que restarían entre as embarcacións participantes no plan coa convocatoria dunha lista aberta para o incremento de cotas de captura.

3. O 21.09.2022 esta xefatura territorial comunicou por correo electrónico ás entidades que

Xefatura Territorial da Coruña  
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)  
15006 A Coruña  
Tel.: 981 182 000  
[xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal](mailto:xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal)





os procesos de outorgamento do recurso específico poliquetos, modalidade en apnea e con suministro de aire dende a superficie, realizaríase a principios de 2023. A mesma información reiterouse o 20.01.2023 tamén por correo electrónico.

4. O 24.02.2023 esta xefatura territorial ditou a resolución pola que se convoca o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de POLIQUETOS ao abeiro do plan de xestión conxunto para o recurso específico Poliquetos, modalidade mergullo en apnea e con suministro de aire dende a superficie, das Confrarías de Pescadores de Camelle, Corme, Laxe e Malpica.

#### *Consideracións legais e técnicas*

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.

2. A resolución do 24.02.2023 desta xefatura territorial que convocou este proceso selectivo estableceu, de acordo co plan de xestión conxunto para o recurso específico poliquetos (PE410A 2021/59-1), modalidade mergullo en apnea e con suministro de aire dende a superficie, das confraría de pescadores de Camelle, Corme, Laxe e Malpica, o outorgamento da modalidade para dúas (2) embarcacións con dúas (2) cotas para mergulladores/embarcación (4 habilitacións en total) co reparto por confrarías seguinte:

- Camelle: 1 barco con 2 habilitacións
- Malpica: 1 barco con 2 habilitacións

3. O número de embarcacións participantes admitidas (1) na Confraría de pescadores de Camelle é igual ao número de prazas convocadas (1) para esta confraría polo que non foi necesario valorala de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Non se presentou ningunha embarcación á praza convocada para a Confraría de pescadores de Malpica.

4. Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior, esta xefatura territorial

#### RESOLVE:

1. Facer pública a lista provisional das embarcacións admitidas neste proceso selectivo para





acceder á modalidade de poliquetos en embarcacións ao abeiro do plan de xestión conxunto para o recurso específico Poliquetos, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende a superficie, das Confrarías de Pescadores de Camelle, Corme, Laxe e Malpica (anexo I).

A resolución do 24.02.2023 desta xefatura territorial convocou un proceso selectivo para o outorgamento da modalidade poliquetos para dúas (2) embarcacións con dúas (2) cotas para mergulladores/embarcación (4 habilitacións en total). A presentación e admisión dunha (1) embarcación coa pretensión de acadar 2 habilitacións no ámbito da Confraría de Camelle, non fai necesario establecer unha orde de prelación e por tanto proceder á valoración das solicitudes para puntuar a ditas embarcacións.

3. Facer pública a listaxe definitiva das embarcacións excluídas ao proceso selectivo, así como as causas da súa exclusión (anexo II).

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun (1) mes, que se contará a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 e seguintes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Corme, como entidade titular do plan de xestión, así como ás confrarías de pescadores de Laxe, Camelle e Malpica como restantes entidades integrantes do plan de xestión conxunto, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A xefa territorial  
María José Cancelo Baquero  
(sinatura electrónica)





#### ANEXO I

Listaxe provisional de embarcacións admitidas no proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de POLIQUETOS para 2 embarcacións con 4 cotas de captura de mergulladores ao abeiro abeiro do plan de xestión conxunto para o recurso específico Poliquetos, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende a superficie, das Confrarías de Pescadores de Camelle, Corme, Laxe e Malpica

Embarcacións admitidas									
Confraría	Embarcación	Matricula e folio	Experiencia profesional da persoa armadora	Habitualidade da actividade pesqueira	Antigüidade da embarcación	Nº artes	Formación da persoa armadora	Ter mulleres enroladas	Total
			B.1	B.2	B.3	B.4	B.5	B.6	
Camelle	SILVIA	CO-4 -1840							

#### ANEXO II

Listaxe definitiva de embarcacións excluídas no proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de POLIQUETOS para 2 embarcacións con 4 cotas de captura de mergulladores ao abeiro abeiro do plan de xestión conxunto para o recurso específico Poliquetos, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende a superficie, das Confrarías de Pescadores de Camelle, Corme, Laxe e Malpica

#### Embarcacións excluídas

Non existen embarcacións excluídas

